



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
INFRAESTRUTURAS
E MOBILIDADE

MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA INTERSECCIÓN
DAS ESTRADAS PO-548 E PO-192.

11.10.2022

Proxecto de Construción

Clave: PO/21/195.06

1 Obxecto da Actuación

As obras incluídas neste proxecto teñen por obxecto a mellora da mobilidade peonil na contorna da intersección das estradas PO-548 e PO-192, entre as parroquias de Bamio e Carril no municipio de Vilagarcía de Arousa.

Con esta actuación perseguese potenciar as viaxes a pé en detrimento das viaxes a motor, contribuíndo á mobilidade segura e sostible e á diminución de emisións de gases contaminantes.

2 Plan de estradas

O treito obxecto desta actuación da estrada PO-548 como a estrada PO-192, encadranse dentro da rede local conforme ao catálogo vixente da rede de estradas de Galicia.

3 Descrición da Actuación

Propónse a execución dun itinerario segregado do tráfico rodado que conecta as beirarrúas existentes en ambos extremos.

O percorrido iniciase onde finalizan as beirarrúas de O Salgueiral, na marxe dereita da estrada PO-192, cruza a dita estrada PO-192 mediante un paso elevado; a partir deste punto discorre paralelo á esta e o vial municipal que dá acceso a gasolinera, cruza a estrada VG-4.7 mediante un paso inferior existente, sigue a continuación polo borde norte dun camiño de servizo da VG-4.7 e dun treito da antiga estrada ata a beirarrúa existente na PO-548 en Carril.

Para dar acceso ao cemiterio de Carril, executarase un paso de peóns regulado mediante semáforo con pulsador e complementanse as escaleiras actuais cunha rampa de madeira.

A obra complementarase coa iluminación adecuada para garantir a seguridade dos peóns na zona.

4 Características técnicas

Sección tipo

- Senda:

No primeiro treito irá elevada 10 cm sobre a estrada, terá un ancho total de 2,02 m dos cais 1,80 m serán para o tránsito peonil e 0,22 m de bordo; executarase ademais unha gabia de 0,70 m paralela ao noiro para recoller as augas das leiras colindantes. Disporase dunha gabia pola marxe dereita e de bordo pola marxe esquerda e colocarse unha baranda metálica polo treito de maior desnivel.

No paso inferior o ancho da senda reducirase ata 1,50 m e no último treito que se corresponde co camiño de servizo e cun treito da antiga estrada, a senda ocupa toda a sección dos viais, terá un ancho variable entre e 2,00 e 4,00 m.

- Bordos: realizaranse con pezas prefabricadas de formigón de 22x 15 cm e unha lonxitude de 1,00 m de cor tradicional

Firmes e pavimentos:

Co fin de dar continuidade aos itinerarios existentes, optase por un pavimento de formigón en toda a senda

- Senda: adoptarse pavimento bicapa, de formigón HF-4.0 de 14 cm de espesor total, con mallazo na capa inferior que será de formigón sen colorear (8 cm), mentras que a capa superior (6 cm) será de formigón de cor terrizo.

- Ampliación da calzada: sobre apoio de solo adecuado aplicarase unha capa de 55 cm de solo seleccionado, subbase de 25 cm de saburra, rega de imprimación C60BF4 IMP e capa de rodadura de 5 cm con mestura bituminosa en quente tipo AC16 surf D.

Os bordos serán de formigón de cor tradicional e sobre eles irá plasmado nunha lonxitude de 2,00 m o logotipo de sendas de Galicia.

Estructuras:

No acceso ao cemiterio de Carril, complementarase as escaleiras existentes cunha rampa á altura da estrada PO-548 de 2,00 m de ancho que se executará mediante un paseo pilotado de madeira.

5 Poboación servida

Vilagarcía de Arousa	37.545hab.
TOTAL	37.545hab.

6 Concellos Afectados

Vilagarcía de Arousa

7 Expropiacións

Parcelas afectadas 5

Superficie expropiada: 245 m² encadrados no concello de Vilagarcía de Arousa

Orzamento Total Expropiacións 2.560,39€

8 Prazo de execución

O prazo de execución das obras previsto é de CINCO (5) meses.

9 Orzamentos

Orzamento Base de Licitación (máis 21% IVE)	328.772,21 €
Orzamento Total Expropiacións	2.560,39 €
Orzamento Vixilancia Ambiental	3.600,00€
Orzamento para Coñecemento da Administración	334.932,60 €

